

N. Expediente: 553/2026 (Exp. Relacionado 212/2026)
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisión de Postos
Documento: Bases
Asunto: CONTRATACIÓN PERSOAL RURAL ACTIVO_2026 (TR351G 2026/4-5)

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DUN POSTO DE PEÓN FORESTAL AO ABEIRO DA ORDE DO 22 DE XANEIRO DE 2026, PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 24 de 5 de febreiro de 2026).

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a provisión, mediante concurso-oposición, dun posto de peón forestal en base á Resolución da *Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo (código de procedemento TR351G) (DOG núm. 24 do 5 de febreiro de 2026).*

A praza convocada ofértase nas seguintes condicións:

Posto traballo: Peón forestal
Código ocupación: 9543
Nº traballadores: 1
Modalidade contractual: Contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego_Modelo 405
Duración do contrato: 9 meses
Xornada: Completa
Custos salariais brutos: 1.424,50 €/mes
Custos Seg. Social: 549,14 €/mes

Darase publicidade á presente oferta de traballo mediante a súa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello e na seguinte dirección web, www.meis.gal.

SEGUNDA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

As persoas aspirantes ao proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- A) Ter nacionalidade española ou dalgún país membro da UE.
- B) Posuír o título de certificado de escolaridade, equivalente ou superior.
- C) Non padecer enfermidade nin estar afectadas por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible coa realización das correspondentes funcións.
- D) Non atoparse incursas en causas de incapacidade ou incompatibilidade para contratar co Concello.
- E) Non estar separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitadas para o exercicio de funcións públicas.
- F) Figurar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o Emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.
- G) Ter sido preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

TERCEIRA.- SOLICITUDES

Recibidos os/as candidatos/as remitidos polo Servizo Publico de Emprego de Galicia para tomar parte nas probas selectivas, estes serán convocados para a acreditación dos criterios de valoración desta convocatoria.



CUARTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES, FIXACIÓN DO COMEZO DOS EXERCICIOS E DA COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL
O Servizo Público de Emprego de Galicia será o encargado de remitir aos/ás posibles candidatos/as que reúnan as condicións da convocatoria.

O sistema de selección será o concurso-oposición. Na fase de concurso valoraranse os criterios reflexados na convocatoria. A fase de oposición consistirá na realización dunha proba práctica a proposta do Tribunal, directamente relacionada co desempeño do posto de traballo.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal de selección estará integrado por:

Presidente/a: D. Rodrigo Vázquez Parada, operario municipal.

Secretario/a: D. Daniel A. Rubio Pérez, arquitecto municipal.

Vogal: José Carlos Iglesias Ferreira, operario municipal.

Vogal: D. Martín Abal Pérez, operario municipal.

Vogal: D. Ramón Fariña Barral, auxiliar administrativo municipal.

Os membros do Tribunal deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

O Tribunal non se poderá constituír sen a asistencia, polo menos do/a presidente/a, do/a secretario/a e dun/ha vogal, ou persoas nas que deleguen.

Todos os membros do Tribunal terán voz e voto.

Abstención ou recusación.- Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo e de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da *Ley 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público*, e comunicaranllo á autoridade convocante por medio dun escrito en tal sentido. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar a calquera membro do Tribunal, de acordo co disposto na mesma lei (Artigo 24).

SEXTA.- PROBAS SELECTIVAS

Fase de concurso.- Os criterios de valoración do artigo 6 da orde da convocatoria son:

a)	Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego; programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.	0,25 puntos
b)	Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.	0,25 puntos
c)	Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.	0,25 puntos
d)	Menores de 30 anos, en especial demandantes de primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.	0,25 puntos
e)	Persoas paradas de longa duración.	0,25 puntos
f)	Persoas con discapacidade.	0,25 puntos
g)	Persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito	0,25 puntos



h)	Persoas desempregadas maiores de 45 anos	0,25 puntos
i)	Persoas trans	0,25 puntos
j)	Persoas emigrantes retornadas ou estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.	0,25 puntos
k)	Responsabilidades familiares	Cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.
		0,25 puntos/carga

Proba práctica.- O Tribunal realizará unha proba práctica acorde á oferta de traballo presentada na que poderá outorgar ata un máximo de **3 puntos**.

SÉTIMA.- CUALIFICACIÓN

A puntuación final será a obtida na valoración dos criterios da convocatoria máis a acadada na proba práctica.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas.

OITAVA.- RELACIÓN DE APROBADOS E NOMEAMENTO

Rematadas as probas selectivas o Tribunal fará pública a relación de aspirantes por orde de puntuación, e propondrá, para o seu nomeamento soamente a aqueles/as aspirantes que obtiveran a maior puntuación total, elevando a proposta ao/á Presidente/a desta Corporación. O Tribunal non poderá propoñer a máis persoas aspirantes que prazas convocadas. Calquera proposta que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

De acordo co preceptuado no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, O Concello de Meis realizará a publicación dos datos persoais dos candidatos e das posibles causas de exclusión, no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello (www.meis.gal), ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Os datos de carácter persoal que o interesado facilite serán tratados polo Concello de Meis coa finalidade de selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatorias públicas. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e resolvela convocatoria na que participa. A lexitimidade do tratamento basease no consentimento do interesado, e no cumprimento de obrigacións legais polo Concello de Meis. Os datos de carácter persoal poden ser comunicados a outras administracións ou rexistros públicos, e publicados no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir con a finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento de los datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Concello de Meis, Avda. Cambados, 67 Mosteiro, 36637 Meis (Pontevedra) ou na dirección de correo electrónico dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

NOVENA.- RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS. RÉXIME XURÍDICO

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso. En todo o non previsto nestas bases o proceso selectivo regularase polas seguintes normas: a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local; a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a Reforma da Función Pública, modificada pola Lei 23/1988 do 28 de xullo; a Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia; o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño sobre procedemento de selección na Administración Local; o RD 364/1995 polo que se aproba o regulamento xeral do ingreso de persoal ao servizo da Administración do Estado.

DÉCIMA.- IMPUGNACIÓN DA CONVOCATORIA E DOS SEUS ACTOS



Poderase recorrer contra esta convocatoria e contra as súas bases mediante a interposición do oportuno recurso. Os actos administrativos derivados da convocatoria e da actuación dos tribunais poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE

ANEXO I

4 / 6



DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADES FAMILIARES E DE INGRESOS PERCIBIDOS

NOME E APELIDOS:

DNI:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

DECLARO:

CRITERIOS DE VALORACIÓN		SI	NON
a)	Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego; programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.		
b)	Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.		
c)	Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.		
d)	Menores de 30 anos, en especial demandantes de primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.		
e)	Persoas paradas de longa duración.		
f)	Persoas con dicapacidade.		
g)	Persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito		
h)	Persoas desempregadas maiores de 45 anos		
i)	Persoas trans		
j)	Persoas emigrantes retornadas ou estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.		

k) Ter ao meu cargo as seguintes persoas (cónxuxe/filos/maiores incapacitados):

NOME E APELIDOS	PARENTESCO

l) Que á data da entrevista, percibo os seguintes ingresos mensuais: _____ Euros.



Cada candidato/a deberá presentar documentación acreditativa que confirme esta declaración.

Meis, a de de 2026

Asdo.....

Información básica sobre protección de datos:

Responsable del tratamiento: Concello de Meis.

Finalidade do tratamento: selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatoria pública

O titular pode exercer os dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 (acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos) ante el Concello de Meis ou na dirección de correo electrónico dpo@legalforma.com

Pode consultar a información completa sobre protección de datos nas bases da convocatoria publicadas en: www.meis.gal

